


MOLLATE!

ACCIÓN EDUCATIVA EN DEFENSA DOS OCÉANOS

INFORMACIÓN PRÁCTICA DA ACTIVIDADE

FESTIVAL
MAR DE
MARES



MÓLLASTE?

QUE É “MÓLLATE! ACCIÓN EDUCATIVA EN DEFENSA DOS OCÉANOS”?

“Móllate! Acción educativa para a defensa dos océanos” é un programa dentro do [Festival Mar de Mares](#) para a sensibilización, reflexión, investigación e acción pola saúde dos ecosistemas mariños, articulada arredor do exemplo do San Xoán e o seu impacto sobre as praias de A Coruña.

Un educador ou educadora do noso equipo visita o voso centro para abordar estes temas. Queres saber como deseñamos ese achegamento?



1. PRIMEIRA SESIÓN NO VOSO CENTRO / Mares de plástico [100’] O educador ou educadora leva a cabo unha primeira toma de contacto co grupo. A importancia do mar nas nosas vidas, as problemáticas asociadas a el, ou as consecuencias dos residuos plásticos son algúns dos temas que abordamos, seguindo metodoloxías participativas e dinámicas.



2. TÓCAVOS A VÓS! É o momento de integrar contidos e continuar a investigación pola vosa conta. Nesta parte facémosvos unha estimulante proposta de traballo para que reflexionedes sobre o que tedes máis preto.

3. SEGUNDA SESIÓN NO VOSO CENTRO / Laboratorio de Ideas de Acción Directa e Animosas (LIADA) [100’] Volvemos ao instituto para a LIADA. Logo reflexionamos colectivamente sobre o que pasa nas praias na noite do San Xoán e facemos pequenos grupos de discusión para deseñar accións de sensibilización arredor desta problemática concreta. Realizables, críticas, apetecibles.

4. ...E DESPOIS? Despois, ábrese un océano de posibilidades! Pode que neses grupos xurdira algunha idea que vos apeteza levar a cabo directamente no centro ou na vosa contorna! Nós comprometémonos a facerlle chegar as ideas á Concellaría de Medio Ambiente da Coruña para a súa valoración. E se se decide que algunha é factible para este San Xoán, volvemos ao voso centro para deseñala co alumnado nunha sesión extra.

ONDE?

No teu centro! Se tedes proxector e ordenador, válenos coa vosa aula habitual (só atendemos grupos-aula, cun máximo de 25 ou 30 rapaces).

PARA QUEN?

Grupo-aula de 3º e 4º ESO, bacharelato, ciclos formativos, e grupos universitarios. Só para centros que pertencen ao Concello da Coruña.

E ADEMAIS... UN BLOG!

Contarás co blog de [Móllate!](#), onde atoparás recursos atractivos para continuar afondando no tema co teu alumnado, e artigos de como se está desenvolvendo o programa.

CANTO CUSTA?

Nada. O programa é totalmente de balde, pero só dez grupos poderán gozar da actividade. Forma parte da programación do [Festival Mar de Mares](#), e conta co apoio do Concello da Coruña.

INTERÉSAME. COMO FAGO A RESERVA?

Escribindo a info@creartesc.es ou chamando ao 881913055. As sesións impartiranse preferentemente no 2º trimestre.

***NOTA** Se a túa dispoñibilidade horaria é limitada pero che interesa o programa, non dubides en contactar igual con nós, e vemos se hai posibilidades de axustar as sesións.

CAL É A MIÑA FUNCIÓN COMO DOCENTE NESTA ACTIVIDADE?

Simplemente que che interese a temática e queiras que o teu alumnado dedique algún tempo a reflexionar sobre ela, animándoos a participar activamente nas nosas propostas. Desas sesións poden saír accións reais para este San Xoán, polo que seguiremos en contacto contigo por se existe a opción de volver ao voso centro arredor do mes de maio e involucrar ao grupo na execución dalgunha das ideas, en colaboración co noso equipo de comunicación.

O profesorado que participedes neste programa entraredes tamén en contacto, polo que pode ser unha oportunidade para facer rede con outros docentes da cidade con intereses semellantes!

POR QUE NON VOU PODER DICIR QUE NON...

Tras unha emocionante primeira edición no curso 2015/2016 ([link](#)), constatamos que Móllate! é unha oportunidade para que os e as adolescentes...

- ✓ Se acheguen dun xeito vivencial, crítico e lúdico á problemática global dos residuos nos océanos, un tema curricular e de especial relevancia no contexto actual
- ✓ Reflexionen sobre os seus xestos cotiás individuais e colectivos (partindo do que teñen máis preto, como é a celebración do San Xoán) e transformen os seus hábitos e os das persoas do seu redor
- ✓ Demostren a súa capacidade para intervir na cidade e coñezan un pouco máis das canles de participación (como relacionarnos co Concello, como artellar accións colectivas,...)



CRISTINA VIQUEIRA, docente no IES Eusebio da Guarda, dixo de Móllate!...

“Foi unha experiencia motivadora, chea de valores, que transformou a sensibilidade ambiental do noso alumnado. Chegaron a cambiar moitos dos seus hábitos por outros máis respectuosos co medio”.

No curso pasado, estas visitas á aula remataron cunha explosiva batería de ideas para concienciar á cidadanía da necesidade dun San Xoán sustentábel. De todas elas, cinco convertéronse en realidade co apoio da Concellaría de Medio Ambiente, participando o propio alumnado no seu deseño e execución!



FURGONETA SURFEIRA PARA
REPARTIR FOLLETOS DE
SENSIBILIZACIÓN POLA CIDADE



CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN EN
REDES SOCIAIS (FOTOS E VÍDEOS)



OBRADOIRO PARA O DESEÑO
DUNHA CAMPAÑA DE
SENSIBILIZACIÓN



EXPOSICIÓN ITINERANTE CON
FOTOGRAFÍAS DAS PRAIAS DESPOIS
DO SAN XOÁN NO 2015



OBRADOIRO PARA DE RADIO PARA
XERAR CUÑAS CON MENSAXES DE
SENSIBILIZACIÓN



PENDURADO DE LONAS COA
CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN EN
INSTITUTOS

E ISO DO FESTIVAL MAR DE MARES É...

Mar de Mares é un encontro artístico, educativo e lúdico de celebración e preservación do mar que acadará a súa cuarta edición en setembro do 2017.

Toda a información do Festival Mar de Mares en:

WEB www.festivalmardemares.org

FB www.facebook.com/FestivalMardeMares

TW www.twitter.com/FestMardeMares

YOUTUBE: www.youtube.com/channel/UCsFcYYZ3_83icBG9J9419pg